

opusdei.org

Doira, onde cada día acaba con unha festa solidaria

A sede do club xuvenil de Vigo é o altofalante entre os veciños do barrio para poñer música, celebrar cumpleanos e aniversarios de voda, facer concursos e manter conversas de balcón a balcón durante este tempo de confinamento.

23-04-2020

Son muy grandes!! El mejor momento del día sin duda, cada día

alargamos más, ahora incluso con sorteos que por cierto hoy nos ha tocado a nosotras y mi niña está como loca de contenta. Un chute de energía cada día salir al balcón y compartir con los vecinos que de esta saldremos unidos". Isto escribía Nieves Caneda no dixital *Vigo hoy*. Era un dos comentarios a unha reportaxe sobre o Doira. Falaba da xente da Asociación Xuvenil Doira que cada tarde alegra aos seus veciños de O Castro, Camelias e Hispanidad con música, mensaxes, celebracións e, como di esta muller, sorteos. Enriba da sede da asociación hai unha residencia do Opus Dei e un dos que alí vive é Pepe Jarque. Lembra que empezaron a poñer música o 16 de marzo, "xusto despois de que se declarara o estado de alarma que non permite saír das casas". E foi porque unha veciña, Mana Canoa, "veu a ver si podíamos deixarlle un megáfono para poñer

música despois dos aplausos". Logo sumouse outro veciño, Antonio.

Pouco a pouco os medios técnicos foron mellorando e a relación de balcón a balcón foi medrando. Os primeiros días xa anoitecía cando saían a aplaudir a todas as persoas que están en primeira liña da loita contra o coronavirus. Entre lusco e fusco, coas luces das linternas dos teléfonos ou as da casa, os vecinos cantaban e bailaban cancións coma *Bella Ciao*. Pero veu o cambio de hora, xusto a noite antes da celebración da Reconquista, que é todo un acontecemento en Vigo. Para ese día, o 29 de marzo, "xa tiñamos uns altofalantes grandes e mesa de mezclas", lembra Jarque. E celebraron a festa "como Deus manda", aínda que fora con cada familia na súa casa.

Foron pasando os días e acabaron coñecendo a tódolos veciños,

"falando con xente que tiñamos ao noso lado e que case non a coñeciamos", conta Jarque. Son os veciños os que van suxerindo a música de cada día porque "demos o teléfono do Doira polo altofalante". A música vai acompañada de felicitacións de cumpleanos, de aniversarios de voda como o de Gloria e José, de días internacionais como o do autismo xa que "no barrio temos dúas persoas autistas". Tamén de mensaxes como o de Nacho e Lorena, que viven en Camelias e mandaron ao Doira un biscoito e unha carta de agradecemento que, "pola tarde lémola e fixémola extensible a todo o barrio".

A noticia da iniciativa do Doira chegou ao programa de Carlos Herrera e un dos colaboradores do mesmo, o ex diplomático e escritor Inocencio Arias, pedíalles que non puxeran a canción Resistiré porque non era quen de sacala da cabeza.

Con un sorriso, Jarque conta que non lle fixeron moito caso xa que é coa que empeza o encontro das oito da tarde. A inventiva para facer cada día máis entretidos os atardeceres non para e así naceu, por iniciativa dunha veciña, un concurso musical no que a persoa gañadora leva un agasallo da panadería do barrio, que recolle cando vai polo pan. So ten que ser a primeira en adiviñar a canción que está soando. Escribir cartas aos nenos do barrio é outra das iniciativas que van xurdindo.

Entre os once residentes do Doira varios colaboran como monitores do club xuvenil e están acostumados a artellar actividades de ocio e de formación humana e cristián para pequenos e familias. De feito, desde o seu confinamento seguen non so atendendo as súas tarefas profesionais e laborais senón tamén aos case 90 socios, e as súas familias, de maneira online.

<https://vigohoy.es/los-rostros-que-dibujo-la-crisi...>

<https://www.atlantico.net/articulo/vigo/ponemos-ca...>

15 minutos de confinamiento puertas para afuera

.....

pdf | document generated
automatically from [https://
dev.opusdei.org/gl-es/article/doira-onde-
cada-dia-acaba-con-unha-festa-
solidaria/](https://dev.opusdei.org/gl-es/article/doira-onde-cada-dia-acaba-con-unha-festa-solidaria/) (06-08-2025)